

CAMPAMENTO XUVENIL "PONTEMARIL" (FORCAREI)

DATOS XERAIS: Campamento de media montaña con capacidade para 180 prazas por quenda en tenda de campaña e albergue.

Concello da histórica Terra de Montes bañado polos ríos Lézez e Umia onde os visitantes poderán contemplar lugares de interese sociocultural como a serra do Candán, a ruta das Pontes, o mosteiro de Acibeiro, mámoas, etc.

Está situado a 2 km de Forcarei e a 44 km de Pontevedra.

ACCESOS: pola estrada N-542 de Pontevedra a Ourense ou ferrocarril a Pontevedra

<https://goo.gl/maps/W2nVbyfBLibFVKN06>

ENDEREZO: Campamento Xuvenil Pontemaryl - Forcarei (Pontevedra) - Teléfono 886 159 255

QUENDA	ANOS NACEMENTO	DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES
AVENTURA NA NATUREZA		
1 - 10 de xullo	13-14	Ofrecémosche neste campamento actividades encamiñadas ao coñecemento do medio natural: sendeirismo, actividades de supervivencia e orientación así como bicicletas de montaña.
15 - 24 de xullo	11-12-13	Desenvolveranse outras actividades complementarias como piscibol, piragüismo, malabares e actividades deportivas, ademais da creación dun telescopio caseiro para uso nunha experiencia de observación astronómica.
29 de xullo - 7 de agosto	11-12-13	Tamén se afondará na importancia do coidado da natureza e potenciarase a implicación na súa protección.
12 - 21 agosto	11-12-13	En resumo, o obxectivo fundamental é vivir experiencias distintas ás habituais participando dun estilo de vida natural NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.
PEQUECHO AVENTURA		
2 - 9 de xullo	14-15-16	Neste campamento desfrutaredes de actividades en contacto directo coa natureza, dando a coñecer a importancia do coidado do contorno: actividades de supervivencia e orientación, aula de natureza, sendeirismo e creación dun telescopio caseiro para unha experiencia de observación astronómica.
16 - 23 de xullo	14-15-16	Así mesmo, realizaranse outras actividades complementarias como tiro con arco, malabares, bicicleta, piscina, etc. coa finalidade de fomentar a convivencia, a autoestima, a integración entre todos os participantes.
30 de xullo - 6 de agosto	14-15-16	NOTA: Para ser admitido neste campamento é necesario saber nadar.

NORMAS XERAIS:

1. As persoas participantes estarán atendidas permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades de tempo libre.

2. Ningunha persoa participante poderá abandonar o centro sen autorización expresa do/a director/a da actividade, e sempre acompañado por un **adulto autorizado (persoa que asinou os papeis de inscrición)**; no caso de non poder estar presente este, a persoa que efectúe a recollida deberá achegar a fotocopia do DNI de quen autoriza (persoa que asinou os papeis de inscrición) e do autorizado, así como o impreso de autorización que lles será facilitado o día da recepción.

3. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades e limitar ao mínimo imprescindible a entrada de persoas alleas á instalación.

4. Horario de chamadas: na información de recepción o equipo directivo comunicarlle ás familias os días en que se poderá contactar cos/coas menores (cun mínimo de 3 días durante a quenda) e o horario para as chamadas. Nese horario, os/as rapaces/zas disporán dos seus móbiles se os traen ou ben as familias poderán chamar ao/á menor nos teléfonos indicados na reunión de recepción. Tamén se permitirán as chamadas fóra do horario sinalado por causa xustificada.

5. O centro conta con atención sanitaria. As persoas participantes deberán levar as **tarxetas sanitarias orixinais** (ou seguro médico, MUFACE ou similar, e o talonario de receitas).

O día da incorporación deberánse comunicar ao persoal técnico da actividade os medicamentos, en caso de tratamento específico, que estean a tomar; así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese.

6. Recoméndase que non leven obxectos de valor, nin grandes sumas de diñeiro.

Prevese a organización dun banco de cartos e móbiles onde os participantes poderán depositar os seus cartos e tamén os teléfonos, (recoméndase poñer un adhesivo co seu nome tanto no teléfono coma no cargador e, no caso de ser necesario, unha lista cos números de teléfono e o PIN, se non se sabe de memoria). Os teléfonos entregaranse apagados.

7. Recoméndase levar a roupa marcada coas iniciais.

8. Nesta web, no apartado “Documentación para presentar (fase de adxudicación)”, está dispoñible o modelo de autorización para recollida do/a menor e outra información de interese.

INCORPORACIÓN E RECOLLIDA DAS PERSOAS PARTICIPANTES

- A incorporación realizarase o día do inicio da quenda correspondente, entre as 10.00 e as 13.00 horas no Campamento Xuvenil de Pontemaryl (Forcarei).

Para comunicar calquera incidencia en relación coa incorporación poden contactar co teléfono **633825893** durante os **tres días anteriores á incorporación** ao campamento.

- O día de remate da quenda, a recollida das persoas participantes deberá facerse **entre as 12:00 e as 14.00 horas** na mesma instalación.

MATERIAL NECESARIO

A equipaxe **débese preparar coa axuda do/a menor** para asegurarse de que recoñece toda a roupa que leva e evitar extravíos. **Tanto a roupa como outras pertenzas** (toallas, móbil e cargador, se é o caso, etc.) **deben ir marcadas** (por exemplo, coas iniciais do nome e apelidos cun rotulador permanente).

- Toallas de aseo e de praia
- Bolsa para a roupa sucia. Non se poderá lavar ningún tipo de prenda na instalación.
- Útiles de aseo
- Saco de durmir
- Crema protectora solar
- Traxes de baño
- Gorra ou viseira
- Camisetas
- Pantalóns curtos ou bermudas
- Mochila pequena de asa ancha para saídas
- Roupa interior suficiente para todos os días da quenda
- Pixamas



MATERIAL RECOMENDABLE

A maiores, é aconsellable levar:

- Cantimplora
- Sandalias pechadas con velcro
- Repelente para os mosquitos
- Vestimenta deportiva e de abrigo: chándal, pantalóns, suadoiros ou forro polar...
- Calzado deportivo que sirva en caso de choiva
- Chuvasqueiro
- Lanterna ou frontal
- Bolígrafo e caderno
- Casco de bicicleta

O horario básico da quenda será o seguinte:

08.30 h	Erguerse, aseo persoal, vestimenta axeitada e amaño de dormitorios
09.00 h	Almorzo
09.30 h	Activa-T (desprazamento, de ser o caso).
10.00 h	Actividades de mañá (con interrupción para un refrixerio)
13.50 h	Remate das actividades de mañá, recollida, desinfección do material e aseo
14.10 h	Xantar
15.00 h	Aseo
15.10 h	Tempo libre xestionado e preparación actividades da tarde (desprazamento, de ser o caso)
16.00 h	Actividades de tarde (con interrupción para merendar)
19.50 h	Remate das actividades de tarde, desinfección do material e recollida
20.10 h	Ducha, tempo libre xestionado
21.00 h	Cea
21.30 h	Tempo libre xestionado
22.00 h	Escoita activa
22.20 h	Velada
23.30 h	Deitarse